

CO₂RUÑA

NÚMERO 11

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**
CONCELLO DA CORUÑA



DÍA DAS AVES NA CORUÑA

Un ano máis esta xornada celebrouse na nosa cidade con puntos de observación en varios lugares. Ademais, o martes, no Centro Cívico da Cidade Vella, unha charla descubriu os mellores recunchos da nosa cidade para gozar da ornitología. Para aqueles que notan xa brotar no seu interior o gusto polas aves, a charla tamén dedicou un tempo aos mellores lugares de Galicia para observar moitas e diferentes especies.

Observación de aves na Coruña

O luns 3 de outubro realizáronse percorridos guiados en catro puntos da cidade.

As saídas, guiadas por ornitólogos expertos, consistiron nun paseo dunha hora en catro zonas da cidade. Durante o percorrido identificáronse as distintas especies de aves e conversouse coas persoas interesadas acerca da problemática da conservación destas especies e do modo de favorecerlas.

Os puntos de saída dos percorridos e horarios foron o Parque de Santa Margarita, Xardíns de Méndez Núñez, Dique de Abrigo e Parque de Eirís.

Charla “Onde ver aves na Coruña e Galicia”

O mércores 4 de outubro tivo lugar a charla “Onde ver aves na Coruña e Galicia” impartida polo ornitólogo Antonio Sandoval Rey. Foi no Centro Cívico Cidade Vella.

A través desta charla amosáronse destinos e propostas de actividades para a observación de aves en Galicia en función da época do ano. Para aqueles que notan xa brotar no seu interior o gusto polas aves, a charla tamén dedicou un tempo aos mellores lugares na Coruña para observar moitas e diferentes especies. A nosa diversidade de paisaxes é ideal para iniciarse nesta afección.



CELEBRACIÓN DO
DÍA DAS AVES

PERCORRIDOS GUIADOS gratuitos

GOZA DA OBSERVACIÓN DE AVES QUE VIVEN CONNOSCO
POLOS SEGUINTE ESPAZOS DA NOSA CIDADE:

- ✓ PARQUE DE SANTA MARGARITA
Punto de encontro: diante da Casa das Ciencias
- ✓ XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ
Punto de encontro: diante do Kiosco Alfonso
- ✓ DIQUE DE ABRIGO
Punto de encontro: diante da Mariquería Augumar
- ✓ PARQUE DE EIRÍS
Punto de encontro: na capela do parque

Horarios percorridos
DE 17:30 A 18:30
DE 18:45 A 19:45

se tes, trae os teus prismáticos

Charla ONDE VER AVES NA CORUÑA E GALICIA


LUGAR
CENTRO CÍVICO CIDADE VELLA
Piaa Voadora 2

IMPARTIDA POR
ANTONIO SANDOVAL

Horario charla
DE 19:00 A 20:00

 www.coruna.es/medioambiente

 **CORUÑA VIVA**

 **Ayuntamiento de A Coruña**
Concello da Coruña

 **CORUÑA MEDIO AMBIENTE**





Que festexamos o Día das Aves?

Convivimos coas aves e, con todo, son descoñecidas para moitas persoas. É por iso que en cada edición do Día das Aves, o seu fascinante mundo achégase un pouco máis a nós. Trátase dun evento participativo organizado polo Concello e que en España coordina SEO/BirdLife, a maior organización de persoas interesadas nas aves (aficionadas e profesionais), da península ibérica.


Na edición de 2016 o propósito foi dar a coñecer a importancia da biodiversidade urbana e encherse de natureza, incluso nos contornos máis humanizados. Faise preciso reducir a perda de biodiversidade asociada á expansión urbanística.

Máis do 50% da poboación mundial vive en cidades, afastada da natureza, polo que é necesario potenciar as posibilidades de integrala na vida urbana. Son numerosas as vantaxes, desde amortecer a temperatura ata limpar o aire e contribuír a fixar o CO₂. Pero, ademais, numerosos estudos científicos demostraron que un maior contacto coa natureza contribúe a mellorar a saúde dos habitantes das cidades. É incontestable a realidade do cambio climático que está afectando á Terra e do que as aves non son máis que outras vítimas. Por esa razón, nesta data tamén se quere aproveitar para seguir recordando aos gobernos que a adhesión aos acordos do cume de París é o único xeito de procurar unha senda axeitada de crecemento sostible, sen a cal o noso futuro estará tinguido de cor negra.



Cidades máis verdes e proximidade á natureza dende tódolos ámbitos

Tradicionalmente, as relacións entre urbanismo e conservación da natureza foron tensas. Isto non nos debería estrañar se temos en conta que a expansión urbanística é unha importante ameaza para a biodiversidade. É preciso traballar duro para evitar que o crecemento das cidades ou o desenvolvemento de infraestruturas destrúan hábitats de interese para as nosas especies ameazadas. E máis aínda, é fundamental que os espazos naturalizados acaden novos lugares nos contornos urbanos, como único xeito de recuperar os ambientes que no pasado tiveron os hábitats humanos.



Tres razóns para conservar a biodiversidade nas cidades

- A biodiversidade achega servizos ecosistémicos tamén nas cidades e contribúe a mellorar a calidade de vida da poboación urbana. Por exemplo, o arboredo urbano axuda a amortecer a temperatura, limpa o aire e contribúe a fixar o CO₂. Pero ademais numerosos estudos científicos demostraron que un maior contacto coa biodiversidade contribúe a mellorar a saúde dos habitantes das cidades.
- Integrar a conservación da biodiversidade na planificación e xestión das nosas cidades axudará a reter na trama urbana, polo menos, unha parte das comunidades biolóxicas presentes na zona, e por tanto a reducir o impacto da expansión urbanística desaforada.
- Pero a razón que ten máis peso á hora de xustificar a conservación da biodiversidade nas cidades, é que nelas vive máis da metade da poboación mundial. A maioría das persoas que poden influír en que a conservación da natureza sexa unha prioridade dos nosos gobernos, viven en cidades, en espazos dominados polo asfalto e o formigón e cada vez máis afastados da natureza. É necesario potenciar as oportunidades de “coñecer para conservar”, incorporando, acondicionando e xestionando espazos para a biodiversidade nas nosas cidades.

A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE DA CORUÑA

O Concello presentou a súa estratexia de desenvolvemento urbano sostible ante representantes de 70 cidades do Estado no Seminario da Urban Development Network, que tivo lugar en Córdoba.

Coruña é unha das catro cidades que foron escollidas para presentar a súa estratexia integrada de desenvolvemento sostible ante os e as representantes de 70 concellos do Estado español que participaron no seminario da Urban Development Network (UDN), organismo que impulsa a Comisión Europea a través da dirección xeral de Política Rexional e Urbana. As xornadas, que organizou a Comisión Europea en colaboración co Ministerio de Economía e Administracións Públicas, foron concibidas como un espazo para debater e intercambiar ideas e experiencias co resto de participantes e coa propia Comisión sobre os retos identificados nas cidades do Estado, e foron dirixidas a aquelas urbes comprometidas coa implementación da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado, que presentaron propostas para o financiamento dos seus proxectos no marco do FEDER. As cidades poñentes foron, xunto coa Coruña, Hospitalet, Soria e Córdoba, esta última, sede do encontro.

A delegación municipal expuxo os compoñentes básicos do Eidus Coruña, a estratexia que define as principais liñas de actuación e o modelo de cidade para os vindeiros anos, así como as tendencias esperadas nas dimensións estratéxicas do mesmo e as previsións de evolución. Ao longo das ponencias e obradoiros que se desenvolveron, os membros da delegación coruñesa participantes no encontro debatiron, en concreto, sobre a vertente metropolitana da estratexia da Coruña, e expuxeron as liñas de traballo en relación coa participación cidadá e coa rehabilitación dos espazos urbanos.

O Eidus Coruña establece unha serie de dimensións estratéxicas de cidade, como son o compromiso ambiental, unha economía social baseada nas persoas, unha "cidade con futuro" -a través da educación, a cultura, o fomento da creatividade, a ciencia e a investigación e cunha aposta pola innovación- e unha cidade de xustiza social, de xénero e de coidados. Dentro dos obxectivos está tamén a consecución dunha cidade "en rede", a través de mecanismos de cooperación, tanto internos como cara ao exterior, con institucións e entidades, e igualmente camiña cara a unha cidade igualitaria e inclusiva, a través de medidas de accesibilidade e para asegurar a igualdade e dar visibilidade á diversidade. As dimensións estratéxicas que estruturan o EIDUS pasan tamén por unha cidade de desenvolvemento sostible con adaptación ao cambio climático e unha cidade "que decide coa cidadanía", que dota aos e ás veciñas de mecanismos de participación e garante o acceso á participación de todas as persoas, coa finalidade de implicar á cidadanía na toma de decisións estratéxicas.



MERCADO ECOLÓXICO E DE PROXIMIDADE

O Campo da Leña acolleu o 2 de outubro a primeira edición do novo mercado ecolóxico e de proximidade que o Concello promove na súa aposta polo consumo responsable.

Cada vez máis preocupámonos pola calidade organoléptica do que consumimos. Pero tamén debemos facelo en función da súa orixe respectuosa co medio ambiente na produción destes alimentos, vestidos, etc. Estes son os produtos orgánicos, como os chaman os anglosaxóns, e que, na órbita da nosa contorna, denominamos ecolóxicos. Unha segunda pata da sustentabilidade deste mercado é a proximidade. Pouco sentido ten un consumo ecolóxico se leva aparelado unha pegada de CO₂ excesiva, derivada do transporte ata os puntos de consumo. É sustentable un produto ecolóxico que xermina nunha horta do levante da península e é comercializado na Coruña, a 1000 quilómetros da súa orixe? Dende o punto de vista ambiental non é tan satisfactorio como se fose producido nunha horata próxima ao consumidor que vai adquirilo. Esta dobre realidade, a ecolóxica e a de produción de proximidade, é a que cada primeiro e terceiro domingo de mes ocupará a Praza da Leña a través dun mercado que deu os seus primeiros pasos no mes de outubro.



EXPOSICIÓN CAMBIO CLIMÁTICO

No marco da programación municipal de educación ambiental elaborouse unha exposición sobre o Cambio Climático co fin de ser exhibida en centros escolares ou en todos aqueles lugares que a soliciten.

O cambio climático constitúe un dos grandes retos ambientais deste século. Un reto con importantes dimensións científicas, tecnolóxicas, políticas e tamén sociais: sen o concurso da cidadanía, non parece fácil que a necesaria resposta a este fenómeno poida ter o calado requirido. Xogamos, de feito, un papel moi importante en relación co cambio climático.

Neste sentido, o cambio climático debe considerarse un gran reto colectivo que nos afecta a todos e todas por igual. Con todo, o coñecemento da cidadanía sobre o fenómeno, e a valoración social sobre a súa gravidade ou sobre a urxencia de actuar ante el, non se corresponden aínda coa seria preocupación suscitada nos campos da ciencia ou a xestión ambiental.

Nós (e a comunidade científica internacional) si estamos convencidos de que o cambio climático é unha evidencia que modificará as nosas vidas e a das xeracións futuras. Por esa razón, esta mostra ofrece unha aproximación ás evidencias que xa se constatan na nosa contorna e prevennos sobre as consecuencias futuras. A nosa cidade, por estar situada no litoral, tamén sentirá nas súas propias costas estes efectos. Por tanto, é necesario que como cidadáns e cidadás civicamente comprometidas, cambiemos algúns dos nosos hábitos. E para iso é necesario dispoñer de información. O primeiro paso pode ser acoller esta exposición, que xa recibiron o CEIP Rosalía de Castro, o IES Fernando Wirtz, a EASD Pablo Picasso... e conta con novas citas para os meses do final do ano. Desexamos seguir mostrándoa o vindeiro ano! Pídenola!



NOTICIEIRO AMBIENTAL

Cada día publícanse nos medios de comunicación moitas noticias que teñen como protagonista ao medio ambiente. Aos tradicionais formatos de radio, televisión e prensa escrita súmose o formato dixital.

Neste apartado facémonos eco dalgunhas publicacións que nos resultaron especialmente interesantes. Teñen que ver con actualidade mundial, con novidades locais ou mesmo relación cos programas que se desenvolven desde a área de Medio Ambiente municipal. Seleccionamos para este número as seguintes:

Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Natureza • Biodiversidade • Cambio Climático

O comezo do curso escolar fainos expormos aspectos sobre a educación dos máis pequenos que quizás quedaron “descansando” e ao sol no período estival. Unha destas cuestións é quen debe responsabilizarse da educación ambiental e a que idade debería comezar. Debe ser unha tarefa académica? é esencial a participación familiar?

Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Natureza • Biodiversidade • Cambio Climático

A nosa cidade asumiu un novo compromiso ambiental. A data clave é o ano 2030 e o obxectivo, reducir as emisións nun 50% fronte aos xerados no ano 2012. Todos contamos para logralo!

Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Natureza • Biodiversidade • Cambio Climático

Jan Gehl é un deses intelectuais que mirou máis alá dos labores técnicos do seu estudo de arquitectura para trasladar interesantes reflexións acerca do medio ambiente, a urbanidade, o transporte e o futuro. Todo desde a experiencia dun octoxenariano cuxo legado atravesou fronteiras en cidades de medio mundo.

Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Natureza • Biodiversidade • Cambio Climático

Parece inevitable cando se escribe sobre medio ambiente que os textos se tingan de pesar. Este artigo no que se menciona a varios autores ,lémbraunos que a extinción das especies é un drama diario para o que non hai marcha atrás. Aínda non cambia a tendencia.

Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Naturaleza • Biodiversidade • Cambio Climático

Algunhas cidades deciden que as políticas verdes sexan as que presidan toda a súa acción de goberno. Algúns exemplos son os seguintes:



Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Naturaleza • Biodiversidade • Cambio Climático

A Organización Meteorolóxica Mundial conta coa autoridade suficiente para lanzar alertas como a deste artigo. Alguén dubida aínda que o quecemento global é un feito incontestable?



Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Naturaleza • Biodiversidade • Cambio Climático

Le esta iniciativa. Vai transformar os aniversarios, as festas, as comidas de grupos informais... oxalá! Francia foi a primeira en dar un paso en algo que, con todo, continua afastado de axendas gobernamentais en moitos países.



Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Naturaleza • Biodiversidade • Cambio Climático

O mercado de proximidade fortalece as economías locais e resulta moito máis ecolóxico que a distribución de mercadorías convencional. Os produtos locais non viaxan centos ou miles de quilómetros incrementando a súa pegada ecolóxica. Se os produtos teñen ademais unha orixe ecolóxica desde o seu cultivo, moito mellor!



Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Naturaleza • Biodiversidade • Cambio Climático

Pardais! É a ave do ano, pero coñecemos quen son esoutros habitantes da nosa cidade?



Noticiario

Boletín Ambiental
ACORUNA-ANO 2016
Medio Ambiente
Naturaleza • Biodiversidade • Cambio Climático

Está a pasarnos isto a todos os habitantes das cidades?





CORUÑA
VIVA

CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para máis información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE

